



O SAMAÍN abandonado



Ola, chámome Violeta. Estou perdida e teño tanto medo que non podo falar. Direiche por que: Eu son unha bruxa (das boas), pero teño moitos inimigos. Pero o peor de todos os inimigos que coñezo é **Lobomort**, o home lobo asasino máis temido de todo o mundo enteiro.

Estou nun cemiterio cunha mansión no medio que se cae a cachos. Mañá é luns **18** de setembro, por iso estou tan nerviosa e con moito medo. Tí pensarás que é un día normal e corrente, pero é todo o contrario, porque é o día que os mortos saen das tumbas. Pero son os mortos de Vila Escura, onde vive Lobomort.

Preguntaraste como cheguei ou por que estou aquí se eu non quero estar neste lugar. Podo explicarcho: Eu estaba tranquila na miña casa celebrando a festa de Samaín na cidade máis grande de todas as cidades más terroríficas que existen no planeta. Estabamos desexando que non fixera mal tempo, porque ás bruxas gústanos o sol. De repente, como se nos lera o pensamento, veu un refacho de vento e follas que me trouxo ata aquí. Por iso estou neste sitio. Eu son unha bruxa a secas, porque as bruxas saben manexar as súas vasoiras, en cambio eu non. Ese vento só me levou a min e a Medianoite, a miña gata negra. Dende ese momento xa non me gusta o Samaín.

Xa é pola maña e teño moiísima fame e moiísimo medo porque, como dixen, os mortos de Vila Escura sairán esta noite das súas tumbas.

Fun collar froitos para almorzar (que non teño outra cousa que comer) Recei porque non viñera Lobomort, pero de súpeto, o que me encontrei diante de min deixoume petrificada coa cara palidísima e o corazón deixoume de latir. Resulta que Lobomort estaba mirándome cun sorriso maligno.

-Ola, Violeta, estaba esperándote -.díxome

-Esperándome? -.pregunteille

- Si, Violeta, esperándote -.dixo. Logo proseguiu -fun eu quen mandou ese furacán de vento e de follas a Vila Máxica, esa cidade tan horrorosa. Conseguín meterme na túa mente grazas a unha poción para a que se necesita o sangue da persoa á que queres lerlle o pensamento. Eu collín o teu sangue a última vez que nos vimos. Dito isto, colleume e levoúme a un castelo negro e cos cristais rotos a cachos. Máis ou menos, como a mansión que vin no cemiterio. Empurroume ata unha parede cunha soa fiestra con barrotes de ferro oxidados.

Pola noite, escoitei ruídos de persoas camiñando.

Pum, pum, pum, pum... cada vez íanse acercando máis e, de repente, vin o que era. Afoguei un grito. Eran os mortos! Pasaron diante miña e dixerón:

-Ola, pequena e imbécil Violeta.

Pero escoitei outros ruídos que me resultaban coñecidos. Eran Rosa e Lucas, os meus mellores amigos. Cun esprai mataron a todos os mortos e Rosa, que é moi lista, colleu un gancho do pelo e forzou a cerradura da mazmorra onde estaba eu. Fomos os tres xuntos a Vila Máxica (Medianoite tamén). Alí agardábame unha gran sorpresa.

Unha festa para celebrar que Rosa e Lucas me salvaron!



Fin



Carmela Canosa 5º EP